

ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

DATA DE ENVÍO: 27/10/2022

TIPOLOXÍA: CHOIVA

ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN DO NIVEL DE ALERTA

NIVEL DE ALERTA: LARANXA

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa nos boletíns 54/71GAL_C_C_RN_TT emitido o día 27/10/2022 ás 21:55 hora oficial e 282/71GAL emitido ás 22:21 horas, dun fenómeno meteorolóxico adverso por **CHOIVAS (precipitación acumulada en 12 horas)** que se iniciou ás 21:00 horas do día 27/10/2022 e que afectará á provincia de **PONTEVEDRA** na que a precipitación acumulada en 12 horas poderá superar os 80 mm (**NIVEL LARANXA**) e a precipitación acumulada en 1 hora poderá superar os 20 mm. (Nivel AMARELO) durante o mesmo periodo de tempo. O fenómeno manterase durante todo o día 28/10/2022 e a maior parte do día 29/10/2022.

Na provincia da CORUÑA a precipitación acumulada en 12 horas poderá superar os 60 mm. nas zonas do Oeste e Suroeste e 50 mm. no Interior, e os 15 mm en 1 hora para as mesmas zonas (nivel AMARELO).

Na provincia de OURENSE, nas zonas de Noroeste, Miño e Sur a precipitación acumulada en 12 horas poderá superar os 60 mm e os 15 mm. en 1 hora para o mesmo período de tempo (nivel AMARELO).

Polo que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunícalles que, en previsión destes feitos: **ADOPTEN** as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e, no seu caso, **ALERTEN** ou **MOBILICEN** aos medios e recursos a dispor. Ante calquera emerxencia chame ao 112

No caso de precisar información máis puntual ou desagregada, chame ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, ou consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CIAE 112: www.axega112.gal, e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es